

# COÑECENDO A FRAGUAS

*Actividade autónoma orientada para alumnado da ESO.*

Esta actividade baséase nunha dinámica de xogo de pistas onde, os e as participantes van facendo un percorrido que, aínda que pautado, ten unha parte importante de descubrimento e de necesaria construción do propio coñecemento. O motivo central desta actividade é D. Antonio Fraguas, persoa homenaxeada no 2019 polo Día das Letras Galegas que foi director do Museo. As diferentes pistas irán descubríndolle ao alumnado diferentes elementos presentes nas salas do Museo relacionados coa súa figura e o seu traballo no campo da etnografía e da docencia.

Neste documento achegámosvos as instrucións do xogo, as pistas para darlle ao alumnado, as solucións das pistas para os e as docentes, bibliografía sobre D. Antonio e os planos do Museo para entregarllos ao alumnado.

As **instrucións** a ter en conta son:

- O xogo está deseñado para facer baixo a dirección do persoal docente do centro educativo.
- Tedes que traer impresas as copias das pistas e dos planos que vos achegamos neste documento.
- Non pode haber máis de 30 alumnos e alumnas xogando á vez no Museo.
- Faranse grupos de 4 ou 5 alumnos e alumnas que levarán unha copia das follas de ruta coas pistas e un lapis ou bolígrafo.
- É importante antes de comezar o xogo, presentar o Museo ao alumnado e lembrarilles a súa responsabilidade cun patrimonio que é de todas as persoas. Tamén deles e delas.
- Para unha mellor orientación deberase repasar xunto co alumnado o plano do edificio e indicarlles o elemento central de circulación que é a escaleira helicoidal.
- O xogo ten unha organización circular, polo que as pistas comezan e rematan no mesmo punto: o busto de D. Antonio situado no claustro do Museo. As pistas levarán ao alumnado por todas as plantas, comezando na baixa, para continuar no entrechán, logo primeira planta e volver acabar na planta baixa.
- Na procura das pistas primará o traballo cooperativo tentando a distribución de tarefas entre os e as alumnas que integren cada equipo deixando claro que non hai premio nin gañadores e que do que se trata é de facer a visita ao Museo dun xeito máis ameno.
- Ao remate do xogo é conveniente realizar unha posta en común para fixar coñecementos, falar sobre estes, aclarar dúbidas e avaliar a actividade. Lembrede que ante calquera dúbida, consulta ou incidencia, o persoal de sala e de recepción está aí para axudarvos.

GRAZAS POLA VOSA ATENCIÓN.

## PISTAS

- D. Antonio Fraguas Fraguas foi director deste Museo que estades a piques de coñecer. Naceu en 1905 en Cotobade (Pontevedra) unha zona famosa polo oficio da cantería. Sen ir máis lonxe, seu pai foi canteiro e D. Antonio investigou moito sobre este oficio. Agora tócvos a vós facelo tamén: ide ata a sala de oficios e reparade nesta imaxe, para que se usan estas marcas?



- O edificio onde está o Museo era un antigo convento e ten unha obra feita en cantería única no mundo. Son tres escaleiras con forma de hélice, fixédevos no mapa, sodes quen de localizala? Ide ata alí.
- Subide pola escaleira que chega arriba de todo pero, ollo! Debedes entrar pola segunda porta e atopar esta vitrina. De que tema nos está a falar?



- Como moitos galegos e moitas galegas, o pai de D. Antonio estivo emigrado no Brasil e el mesmo estivo a piques de emigrar pero, na escola, o seu profesor deuse conta que tiña grandes habilidades para a docencia, polo que D. Antonio acabou por estudar e ter praza de profesor en Galicia. Encontrade esta imaxe nesta mesma sala e observade como eran as escolas antigamente, hai algo que vos chame a atención?



- A partir de 1936, D. Antonio foi suspendido do seu emprego de mestre por ser contrario a algo que aconteceu neste momento. Buscade na sala de Imprenta esta imaxe, alí explícanvos que aconteceu a partir dese ano. Sabedes xa o que é?



- Ademais de ser profesor, durante toda a súa vida dedicouse a investigar sobre arqueoloxía, arte, xeografía ou folclore. No Museo hai unha biblioteca con moitos dos seus libros, por exemplo hai un chamado "Galicia Insólita" que nos fala de moitas tradicións e supersticións. Unha delas ten que ver cun baile que se facía nos casamentos. Chámase *regueifa*, un obxecto comestible que levan as mulleres na cabeza ao bailar. Se queredes saber de que está feita a *regueifa*, tedes que ir buscar, na sala de música, unha fotografía onde se ven mulleres con algo sobre a cabeza. Que é?
- En moitos dos seus libros, D. Antonio recompilou cantigas porque sabía que a través das letras das cancións podemos obter moita información. Por exemplo: "*Arrigai, arrigadeiras, daille liño aos ripadores, que xa ven a primavera e hei de tomar amores*" ou "*Tascadoras do meu liño, dádelle máis unha volta, anque acabedes de noite, anque acabedes, non importa*". Estas cantigas falan de dous traballos: "ripar" e "tascar". Sabedes en que consisten e con que material se fan? Na sala de Tecido poderedes descubriilo.
- Todo este traballo de investigación arredor da nosa cultura, fixo que en 1951 o elixiran como académico da Real Academia Galega, ocupando o posto do que fora o seu profesor e tamén compañeiro de investigacións, falecido un ano antes de 1951. Queredes saber quen era? Entón debes ir ao Panteón de Galegos Ilustres, situado na Igrexa do edificio e procuralo.



- Para rematardes a investigación sobre D. Antonio Fraguas tedes que atopar o seu retrato no Museo. Alí agardade polo resto de compañeiras e compañeiros para falar sobre todo o aprendido.

## SOLUCIÓN (Material para o persoal docente)

Xuntamos a **Unidade Didáctica sobre vida e obra de D. Antonio Fraguas** para que poidades preparar as respostas a este xogo ou aqueles interrogantes que lles poda xurdir ao alumnado. Neste apartado facémosvos suxestións de respostas e achegamos a situación de cada pista para que poidades axudar e orientar ao voso alumnado.

- D. Antonio Fraguas e Fraguas foi director deste Museo que estades a piques de coñecer. Naceu en 1905 en Cotobade (Pontevedra) unha zona famosa polo oficio da cantería. Sen ir máis lonxe, seu pai foi canteiro e D. Antonio investigou moito sobre este oficio. Agora tócvos a vós facelo tamén: ide ata a sala de oficios e reparade nesta imaxe, para que se usen estas marcas?

**Planta baixa. Sala de Oficios. Cantería.** Son marcas de cantería que serven para asinar o traballo das diferentes persoas que traballaban a pedra. Tiñan como propósito identificar a autoría do traballo, para determinar o valor a pagar a cada persoa, dado que eran remuneradas por peza, non por tempo traballado. Algunhas das ferramentas que se poden ver na vitrina da cantería foron doadas por D. Antonio ao MPG.

- O edificio onde está o Museo era un antigo convento e ten unha obra feita en cantería única no mundo. Son tres escaleiras con forma de hélice, fixédevos no mapa, sodes quen de localizala? Ide ata alí.

**Planta baixa. Contigua á sala do mar.** A tripla escaleira helicoidal de Bonaval é unha obra barroca única no mundo feita por Domingo de Andrade. Das tres escaleiras, hai unha que chega máis arriba que as demais pois ten que comunicar un balcón situado no cumio da torre. É a nº I. A nº II e III paran no último andar do edificio.

- Subide pola escaleira que chega arriba de todo pero, ollo! Debedes entrar pola segunda porta e atopar esta vitrina. De que tema nos está a falar?

**Primeiro andar. Sala de Sociedade.** O fenómeno da emigración na procura de medios de subsistencia condicionou a estrutura social galega. Case non hai familia que non conte ou contase con alguén na Galicia da diáspora.

- Como moitos galegos e moitas galegas, o pai de D. Antonio estivo emigrado no Brasil e el mesmo estivo a piques de emigrar pero, na escola, o seu profesor deuse conta que tiña grandes habilidades para a docencia, polo que D. Antonio acabou por estudar e ter praza de profesor en Galicia. Encontrade esta imaxe nesta mesma sala e observade como eran as escolas antigamente, hai algo que vos chame a atención?

**Primeiro andar. Sala de Sociedade. A corrente da vida.** Como curiosidade dentro das pezas que se ven na escola, destacamos as pizarras que se ven enriba dos pupitres pois son doazón de D. Antonio, ao igual que o cartabón.


- A partir de 1936, D. Antonio foi suspendido do seu emprego de mestre por ser contrario a algo que aconteceu neste momento. Buscade na sala de Imprenta esta imaxe, alí explícanvos que aconteceu a partir dese ano. Sabedes xa o que é?

**Parte sur do edificio. Planta baixa. Sala de Imprenta. Apartado de Prensa.** Fraguas sacou a súa praza de mestre en 1933, exercendo ata 1936 na Estrada. Coa ditadura franquista será suspendido do seu emprego e soldo dada a súa relación co Partido Galeguista. En 1950 volve opositar e sacar praza de mestre no instituto de Lugo. A súa xubilación chegará en Compostela, no instituto Rosalia de Castro.

- Ademais de ser profesor, durante toda a súa vida dedicouse a investigar sobre arqueoloxía, arte, xeografía ou folclore. No Museo hai unha biblioteca con moitos dos seus libros, por exemplo hai un chamado "Galicia Insólita", que nos fala de moitas tradicións e supersticións. Unha delas ten que ver cun baile que se facía nos casamentos. Chámase regueifa, un obxecto comestible que levan as mulleres na cabeza ao bailar. Se queredes saber de que está feita a regueifa, tedes que ir buscar, na sala de música, unha fotografía onde se ven mulleres con algo sobre a cabeza. Que é?

**Entrechán. Sala de música.** A regueifa é un bolo de pan usado para un baile de casamento. Despois de bailar con el na cabeza, dúas persoas convidadas ao casamento discuten verbalmente a través de rimas para conseguir o dereito de repartir a regueifa. Hoxe en día a regueifa como discusión verbal sigue viva e existen centros onde se practica esta destreza.

A imaxe a procurar na sala de Música é a que vos amosamos aquí.



- En moitos dos libros D. Antonio recolleu cantigas porque sabía que a través das letras das cancións podemos obter moita información. Por exemplo: "Arrigai, arrigadeiras, daille liño aos ripadores, que xa ven a primavera e hei de tomar amores" ou "Tascadoras do meu liño, dádelle máis unha volta, anque acabedes de noite, anque acabedes, non importa". Estas cantigas falan de dous traballos: "ripar" e "tascar". Sabedes en que consisten e con que material se fan? Na sala de Tecido poderedes descubri-lo.

**Entrechán. Sala de tecido.** O traballo do liño require dun proceso longo e laborioso para transformar a planta en fío apto para levar ao tear. A ripa faise para separar os talos da semente mentres que a tasca serve para separar o liño fino dos tascos. As cantigas recollidas por D. Antonio, que se poden ler no libro *El traje gallego* (A Coruña: Fundación Pedro Barrié de La Maza, 1985), ademais de proporcionar léxico específico sobre este traballo, dan información sobre esta labor como, por exemplo, o momento en que a planta do liño se arrinca, e que o primeiro paso deste traballo para transformalo en fío é a "ripar".

- Todo este traballo de investigación arredor da nosa cultura, fixo que en 1951 o elixiran como académico da Real Academia Galega, ocupando o posto do que fora o seu profesor e tamén compañeiro de investigacións, falecido un ano antes de 1951. Queres saber quen era? Entón debes ir ao Panteón de Galegos Ilustres, situado na Igrexa do edificio e procuralo.

**Planta baixa. Igrexa de Sta María de Bonaval.** O Panteón de Galegos Ilustres é un espazo dedicado a albergar os restos de persoas destacadas na cultura galega desde que en 1891 se trasladaran desde Iria Flavia os restos de Rosalía de Castro. O último en ser enterrado no Panteón foi Alfonso Daniel Rodríguez Castelao. Morreu en Bos Aires en 1950, lugar onde se exiliou tras o levantamento militar franquista en 1936. Os seus restos foron trasladados ao Panteón tras a Transición, en 1984.

Castelao foi profesor de Fraguas no *Instituto General y Técnico* de Pontevedra. Ademais foron compañeiros no Seminario de Estudos Galegos, na "Unión Radio Galicia" situada no espazo que agora acolle a este Museo ou no Partido Galeguista. En 1951 pasa a ser nomeado académico da Real Academia Galega, ocupando o posto vacante tras a morte no exilio de Castelao.

- Para rematardes a investigación sobre D. Antonio Fraguas tedes que atopar o seu retrato no Museo. Alí agardade polo resto de compañeiras e compañeiros para falar sobre todo o aprendido.



Planta baixa. Claustro.

## BIBLIOGRAFÍA SOBRE D. ANTONIO FRAGUAS


*Antonio Fraguas: profesor, xeógrafo, historiador, antropólogo. Galego de ben.* Clodio González Pérez (1998).

*Antonio Fraguas Fraguas.* Unidade didáctica. Museo do Pobo Galego (2005).


*Antonio Fraguas Fraguas 1905-1999.* Museo do Pobo Galego (2006).

# Planos

## Planta Baixa



## Entrechan



## Planta Primeira

